



Coordinadora
Galega de ONG para
o Desenvolvemento

VOTO PARTICULAR

formulado conxuntamente por **Ángel Bañobre González,**
José Luis Quintela Julián, Juan Redondo Abelenda,
Xosé María Torres Bouza e Francisco Vallverdú Baena,
membros do Consello Galego de Cooperación ao
Desenvolvemento en representación das ONGD galegas,
referente ao punto 5 da orde do día "*Informe sobre a
proposta do Plan Anual 2010 da Cooperación Galega ao
Desenvolvemento*"

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2010

CONGACODE, sesión do 5 de marzo de 2010

VOTO PARTICULAR formulado conxuntamente por **Angel Bañobre González, José Luis Quintela Julián, Juan Redondo Abelenda, Xosé María Torres Bouza e Francisco Vallverdú Baena**, membros do Consello Galego de Cooperación ao Desenvolvemento en representación das ONGD galegas, referente ao punto 5 da orde do día "*Informe sobre a proposta do Plan Anual 2010 da Cooperación Galega ao Desenvolvemento*".

Na sesión celebrada, os cinco representantes expresamos o noso **voto en branco**, e por tanto discrepante da maioría; asimesmo anunciamos a formulación dun voto particular para explicar as razóns que nos levan a esa discrepancia, e que desenvolvemos a seguir.

O ano 2010 é o primeiro en que se vai aplicar o II Plan Director 2010-2013 da Cooperación Galega ao Desenvolvemento, un ano que -non se pode esquecer- está inserido nunha conxuntura económica difícil. Isto podería facer comprensible determinadas medidas de axuste, pero imos expresar a nosa opinión sobre a pertinencia ou non delas.

Xa no ano 2009, cando se someteu a informe a proposta de Plan Anual 2009 presentado pola Xunta de Galicia na sesión do 28 de xullo de 2009 do CONGACODE, criticabamos as dúas primeiras medidas realizadas polo novo goberno do Partido Popular de Galicia saído das elección do 1 de marzo:

- Rebaixa do nivel xerárquico da unidade de xestión da cooperación galega, que por primeira vez desde o ano 2001 pasa a ser unha subdirección xeral, perdendo o rango de dirección xeral ou incluso secretaría xeral que tivera anteriormente, perdendo por tanto o nivel político, que é o habitual na meirande parte das comunidades autónomas (CCAA).
- Diminución do orzamento previsto desde os 13,0 M de euros establecidos no 1º borrador do PA 2009 presentado polo anterior goberno bipartito, ata os 11,6 M que incluía o novo borrador do novo goberno.

Nese momento manifestamos o noso desacordo co compromiso orzamentario previsto, se ben aceptamos parcialmente a xustificación da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE (DXRREE) de ser un ano de transición. Esa aceptación parcial asumímola como un voto de confianza nos novos rectores da DXRREE, e expresado mediante un voto en branco ao PA 2009.

Se embargo, neste ano 2010, o recorte económico en materia de cooperación ao desenvolvemento prodúcese dunha forma máis implacable. Vexamos as cifras:

- O plan detalla que a cooperación galega acadará a cifra de **10,2 M de euros**, coa particularidade de que neste ano, por primeira vez na historia da cooperación galega, se inclúen os gastos de persoal e de funcionamento da unidade de xestión, que supoñen en torno a 0,6 M euros. Se ben é certo que esta práctica é habitual no resto das CCAA, hai que facer o cálculo da cantidade neta, que é a que computa posteriormente a Secretaría de Estado de Cooperación Internacional (SECI-MAEC).
- A cifra neta galega resultante para 2010 é de **9,6 M de euros, o que supón unha diminución dun 17,2% respecto ao PA 2009 aprobado polo novo goberno**, pero tamén dun 26,2% sobre o borrador de PA 2009 presentado polo bipartito.

É importante reflexar como está situada a cooperación galega no conxunto das CCAA e como están afrontando estas a situación económica no noso ámbito.

Como xa se ten reiterado, a Xunta de Galicia é o goberno autónomo que ocupa o derradeiro lugar desde hai anos, con menos do 0,1% respecto do orzamento total consolidado, e lonxe da media de CCAA, situado en 2008 -último ano coñecido- no 0,27%.

As diferentes CCAA en 2010 afrontan a situación da maneira seguinte:

- 10 manteñen ou aumentan lixeiramente os seus orzamentos en CID
- 7 diminúen en maior ou menor medida, sendo as baixadas máis salientábeis as de Murcia (case 60%) e Baleares e Valencia entono ao 35%

Facendo a media cos datos que recibimos das Coordinadoras ou Federacións de ONGD das CCAA, **a variación interanual do conxunto da cooperación autonómica é dunha redución de apenas o 3,5%.**

Isto é, Galicia, que ocupa o posto derradeiro de compromiso nesta materia, e que está sufrindo o impacto da crise de forma máis atenuada segundo sinalan todos os indicadores (taxa de paro, variación do PIB, etc.), resulta ser das comunidades que máis rebaixan o xa de por sí escaso esforzo.

Isto fai difícil crer posible cumprir o escenario orzamentario estimado no II Plan director 2010-2013, pois só restarían os anos 2011, 2012 e 2013 para recuperar posición.

Asimesmo, a participación dos restantes departamentos e organismos da Xunta de Galicia, que en anos anteriores abranguíu a varias consellerías, fica reducido en 2010 a unha única participación, e moi reducida, da Consellería do Mar.

Todos estes datos negativos son unicamente contrarrestados por dous motivos:

- unha relación de actividades de interese.
- unha moi notable capacidade de diálogo amosada polos responsables da DXRREE e de aceptación das propostas da Coordinadora -salvo o tema orzamentario- que tamén debe ser recoñecida.

que valorados no seu conxunto, propiciaron que os representantes das ONGD galegas eludiran expresar o voto negativo ao plan, nunha nova expresión de confianza que non se poderá alongar indefinidamente se non hai un xiro radical no compromiso da Xunta de Galicia.

En Santiago de Compostela, a oito de marzo de dous mil dez.